



EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 19 de marzo de 2018

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19 de marzo de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12/03/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/1175

Dáse conta do escrito presentado polo **Grupo Municipal EU_IU Vilagarcía** solicitando copia do informe policial en relación co acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de febreiro de 2018, en relación coas obras do Paseo Marítimo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitirlles copia do informe da Policía Local ao que se fai referencia no citado acordo de data 5 de febreiro.

PRP2018/1176

Dáse conta do escrito presentado por D. Raul Santamaría González, en representación de **Novas Xeracións do Partido Popular**, solicitando autorización para levar a cabo unha campaña informativa na Praza de Galicia o día 17 de marzo, en horario de 10:30 a 13:30 horas. Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2018/1177

Vista a solicitude de **D. Emilio Ventura Lois**, para instalación dunha roda de cabaliños na Explanada TIR, do 23 de marzo ao 1 de abril, e visto o informe da Policía Local, acórdase comunicarlle que a zona ónde solicitan efectuar tal instalación, na Explanada TIR, non é de titularidade municipal, polo que deberán obter a correspondente autorización da Autoridade Portuaria.

Asemade comunícaselle que no caso de obter a correspondente autorización e previamente á instalación deberá aportar a seguinte documentación:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Ademais propónse que durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2018/1179

Dáse conta do contrato de doazón entre Banco Santander SA e o Concello de Vilagarcía de Arousa, polo que Banco Santander dona ao Concello un Mural de D. Antón Rivas Briones co título "Alegoría de la Pesca, la Industria y la Agricultura", firmado e datado en 1972, para a súa posterior instalación na Casa do Concello, renunciando expresamente á reversión da doazón.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar a doazón citada, sen someterse a ningunha condición, salvo facer constar nunha placa a lenda visible ao público que o Mural foi doado por Banco Santander en 2018.

PRP2018/1180

Dáse conta de escrito de **D. Mariano dos Santos dos Santos** solicitando autorización para instalar un inchable na Praza da II República do 23 de marzo ao 1 de abril (incluídos).

A Xunta de Goberno Local acorda non conceder a autorización solicitada, comunicándolle que, caso de interesarlle deberá solicitar autorización á Autoridade Portuaria para a instalación na Explanada TIR.

PRP2018/1181

Dáse conta de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra de instrucións sobre publicidade dos Programas de Cooperación, recordando a obriga de dar a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación para as actuacións subvencionadas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1235

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Santiago Martínez Fontán** para a realización de obras realización de pavimento con formigón pulido en substitución de baldosas en mal estado no Campo da Festa de Trabanca Badiña, por un importe total de 1.331,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.210.



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/1264

Vista a proposta da Concellería de Benestar Social e Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Solicitar subvención por importe de 3.000,00 € con cargo ao Plan de Obras e Servizos 2018-2019 (Plan Concellos) – anualidade 2018 – Gasto corrente novo, para o financiamento da actividade “Prevención do Ciberacoso e bó uso da TIC’S”.

- Aprobar a memoria descritiva e valorada do gasto/actividade: Proxecto de Prevención do Ciberacoso e bó uso das TIC’S, cun orzamento total de 3.974,85 € (IVE incluído).

- Contía solicitada: 3.000,00 €

- Aportación do Concello 974,85 €

Partida orzamentaria 231.22643 (proxecto 3 nº 01/17/18).

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/1199

Dáse conta de informe do Director da Escola de Música en relación coa realización dunha xira de concertos didácticos por parte do profesorado da Escola Municipal de Música “Bernardo del Río”, coa denominación de “Sete notas máxicas”, dirixida ao alumnado de 2º e 3º curso de Educación Primaria, en 10 centros diferentes, coa seguinte desagregación:

DATA	HORA	CENTRO EDUCATIVO
11 abril 2018	10:30	CEIP Arealonga
11 abril 2018	12:30	CEIP A Lomba
18 abril 2018	10:30	CEIP Vilaxoán
18 abril 2018	12:30	CEIP O Piñeiríño
25 abril 2018	10:30	CEIP A Escardia
25 abril 2018	12:30	CEIP Anexo A Lomba
9 maio 2018	10:30	CEIP Rubiáns
9 maio 2018	12:30	CEE Vilagarcía de Arousa
16 maio 2018	10:30	CEIP Rosalía de Castro
16 maio 2018	12:30	CPR San Francisco

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1200

Dáse conta da xustificación presentada á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 - Liña 2 (Gasto Corrente Novo, por importe de 9.500,00 € para limpeza da Escola Municipal de Música, ascendendo os gastos totais a 10.383,53 €.

A Xunta de Goberno Local préstalle aprobación.

PRP2018/1201



Dáse conta da xustificación á Deputación Provincial correspondente ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 – Liña 2 Gasto corrente novo, por importe 18.181,00€ para gastos de limpeza e aseo Conservatorio Profesional de Música, ascendendo os gastos totais a 18.531,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1202

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, en relación coa convocatoria do programa “LER CONTA MOITO”, realizada pola Xunta de Galicia para o ano 2018, cun prazo de presentación de solicitude ata o 6 de abril de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Participar no Programa “LER CONTA MOITO”, empregando o importe que se conceda a financiar o 75% do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con fondos propios o 25% restante de cada actividade.
- Autorizar á Dirección da Biblioteca Municipal para levar a cabo as xestións e programación das actividades correspondentes.

Mercados

PRP2018/1204

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Carlos López Ferro, en representación da **Asociación de Comerciantes da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa**, solicitando autorización para a apertura da praza de abastos e celebración do mercado semanal, os días 30 de abril e 21 de maio de 2018 (luns), por coincidir os días 1 e 22 de maio de 2018 en festivo.

Visto o informe do Xefe de Mercados, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/1210

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para o programa de actos das Letras Galegas nos centros educativos de infantil e primaria de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 2.116,72 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22637, coa seguinte desagregación:

- Editorial Galaxia S.A. polo subministro de 300 exemplares de “Leonardo e os fontaneiros”. por un importe total de 1.500,72 € (IVE incluído). Inclúe representación da obra en dous pases o día 28 de maio no Salón de Actos do Auditorio, por Ubú Teatro.
- Empresa Pereira, S.L., para o traslado de escolares ao Auditorio Municipal para a representación teatral, por importe de 616,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/1212

Dase conta do requirimento complementario remitido por **Augas de Galicia** en relación cun vertido de augas residuais ao Dominio Público Marítimo-Terrestre en Carril no TM de Vilagarcía



de Arousa, no que indica que en data 23-01-18 se constata un vertido de augas residuais na Rúa Viqueira de Carril e require ao Concello para que no prazo de un mes, acredite as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados. (Clave DH.D36.61125)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlles que non se observan atrancos no saneamento, fluíndo as augas residuais con normalidade, polo que se solicita o arquivo do requirimento.

PRP2018/1213

Dáse conta de escrito de **Augas de Galicia** comunicando o arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público marítimo-terrestre na Praia do Preguntoiro, na desembocadura do rego de Castiñeiras. (Clave DH.D36.59563).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/1214

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Talleres Santiago Iglesias, S.L.** para a reparación do vehículo matrícula 5441JHS, adscrito ao citado Servizo, por un importe total de 2.243,85 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.214.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2018/1207

Dáse conta da convocatoria do Programa de Acción Municipal, Sección Actividades (P.A.M.), para o exercicio 2018 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ó seu abeiro a Xunta de Goberno Local acorda solicitarlle á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención para os proxectos que a seguir se relacionan, por un importe total de 10.500,00 €:

- 5 Obradoiros de actividades de ocio e tempo libre para nenas e nenos en clave de xénero. Verán 2018.
- 10 Charlas de Sensibilización e Igualdade de Xénero e Prevención da Violencia nos Centros de Secundaria de Vilagarcía.
- Obradoiros de Arteterapia para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Curso de formación ocupacional para mulleres en situación de vulnerabilidade en Auxiliar de Carnicería e Peixería.

Así mesmo acórdase aprobar a memoria descritiva para o programa de Sensibilización Formación en Igualdade e Recuperación Persoal dende a perspectiva de Xénero, cun orzamento total de 12.000,00 €, e o cofinanciamento por parte do Concello de 1.500,00 € (proxecto 3 nº 01/16/18).



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/967

Vista a solicitude presentada por Dona Bárbara Diz García, como **Presidenta da Asociación MM.RR. de Fontecarmoa** e a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o seguinte gasto con cargo ao Convenio Económico Cultural asinado, por un importe total de 1.799,65 €, con cargo á partida 334.22703:

CONCEPTO	IMPORTE (IVE INC.)	PROVEDOR
EXCURSIÓN CULTURAL A LUGO DIA 14 DE ABRIL DE 2018	665,00 €	ZAFIRO TOURS VILAGARCÍA DE AROUSA
CONCERTO DA ORQUESTRA PULSO E PUA O DÍA 30 DE XUÑO DE 2018	400,00 €	ORQUESTRA DE PULSO E PÚA "AROUSA"
ACTUACIÓN DA RONDALLA O CASTRO E A CORAL CANTIGAS DO CASTRO O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2018 - NO NADAL	400,00 €	ASOCIACIÓN CULTURAL O CASTRO
SUBMINISTRO DE MENAXE	334,65 €	CASTROMAN I, S.L.
TOTAL	1.799,65 €	

PRP2018/1215

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación da programación das exposicións dos próximos meses de 2018 na Sala de Exposicións do Auditorio Municipal e na Sala Rivas Briones, seguintes:

SALA RIVAS BRIONES 2018:

- Do 16 de marzo ao 25 de abril GRANGEL – "VOLÚMENES"
- Do 4 de maio ao 13 de xuño – GUILLERMO PEDROSA – "ENTELEQUIAS"
- Do 22 de xuño ao 1 de agosto – MARÍA JOSÉ GAREA

SALA DE EXPOSICIÓNS DO AUDITORIO:

- Do 16 de marzo ao 14 de abril – "X MARATHÓN FOTOGRÁFICA": "A IGUALDADE DE XÉNERO EN RELACIÓN AO MUNDO DO TRABALLO" – Área de Igualdade – CIM.
- Do 16 ao 24 de abril – "XVIII Edición do Lectoriño". Concellería de Xuventude
- Do 25 de maio ao 23 de xuño – "PREMIO PARA A IGUALDADE DE XÉNERO E BOAS PRÁCTICAS NA ESCOLA" – Área de Igualdade - CIM.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar a conformidade á programación proposta.

PRP2018/1216

Vista a solicitude de **Club de Remo Vilaxoán**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Regatas de Bateis o vindeiro día 29 de marzo de 2018:

- Actuación da Asociación Cultural Nós de Sobradelo, por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/1217

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a representación do espectáculo "HEROES", a cargo da Compañía **PENTACIÓN, S.A.**, a celebrar o día 24 de marzo de 2018 no Salón de Actos do Auditorio Municipal, así como a sinatura do contrato correspondente, por un importe de 3.630,00 € (IVE incluído), en concepto



de caché, con cargo á partida 334.22609, e outro variable, que consistirá no 100% da taquilla, sendo tamén a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto que puidese corresponder por esta actuación.

. O prezo das entradas será o seguinte:

- Zona A: 18 €
- Zona B: 18 €
- Zona C: 16 €"

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/1218

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o proxecto denominado "Obras de Acondicionamento do Campo de Fútbol de Vilaxoán", redactado polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, cun orzamento de licitación de 216.630,70 € (IVE incluído).

2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

PRP2018/1219

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a Memoria Valorada de "Substitución dos elementos de madeira en xardineiras - banco da Rúa Alcalde Rey Daviña", redactado polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, cun importe de licitación de 11.512,91 € (IVE incluído).

2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

PRP2018/1221

Dáse conta da tramitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia (LEAL), expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación ordinaria e documentalmente simplificada, para adxudicar o contrato denominado CT-20/2017-e "**Subministro dunha Minipala cargadora con Cucharón Barredora**" cun orzamento de licitación de 23.000,00 € (IVE engadido), financiado con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

Dáse conta dos licitadores presentados: Baygar SL; Maquinaria José Rodríguez Tesouro, SL e Talleres Hércules de Maquinaria, SL.

Dáse conta dos licitadores admitidos, Baygar SL e Talleres Hércules de Maquinaria SL, e dos excluídos, Maquinaria José Rodríguez Tesouro, SL ao ofertar unha minipala marca Kubota, modelo 753, que conta cunha potencia de 36 CV, cando a cláusula 3 de prego de prescricións técnicas que rexen a licitación esixe unha potencia mínima de 40 CV, e polo tanto incumpre os requisitos mínimos establecidos nos pregos que rexen a licitación.

Dáse conta de que durante a fase de negociación do contrato non se presentaron ofertas, polo que se consideran definitivas as ofertas presentadas no seu día polos licitadores admitidos:

1.- BAYGAR, S.L.-

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Características da minipala cargadora con cucharón barredora
-----------	-----------------------	---------	-----------------------	--



BAYGAR, S.L.	18.801,00€	3.948,21€	22.749,21€	<p>Marca: Mustang Modelo: 2044 Capacidade de carga útil: 658 kg Par de forza no eixo 6653 nm. Motor Yanmar 40 CV Pala de alta resistencia de 369 litros. Cucharón Varredora 03.CBTI.1550 con sistema de rego, cepillo lateral e faldóns de goma. Porta dianteira para mustang. Distribuidor + kit tubería+soporte varredora. Que a minipala ofertada conta con 3.100 horas de traballo Que o cucharón-varredora ofertada e nova polo que non ten uso.</p>
--------------	------------	-----------	------------	---

2.- TALLERES HERCULES DE MAQUINARIA, S.L.-

Licitador	Oferta (IVE excluído)	IVE 21%	Oferta engadido) (IVE)	Características da minipala cargadora con cucharón barredora
Talleres Hércules	18.966,94€	3.983,06€	22.950,00€	<p>Mini cargadora usada mustang modelo 2044 Capacidade de carga: 658 kg Par de forza en eixe: 6653nm Motor Yanmar de 40 CV Pala alta resistencia 360 litros Número de horas: 3840 horas Garantía 1 año Cucharón barredora usado con sistema de riego, cepillo lateral e faldóns de goma.</p>

Unha vez aplicados os criterios de valoración establecidos nos pregos, a valoración das ofertas presentadas é a seguinte:

	Puntos oferta económica	Puntos oferta técnica	TOTAL
Baygar, S.L.	39,00	40	79,00
Talleres Hercules de Maquinaria, S.L.	7,78	28	35,78

Á vista da puntuación obtida polos licitadores, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato de subsministro dunha minipala cargadora con cucharón barredora á empresa Baygar S.L, por importe de 18.801,00 € (sen IVE) e un 21% de IVE de 3.948,21€ o que fai un total de 22.749,21€ (IVE engadido), de conformidade coa súa propia oferta.

PRP2018/1223

Dáse conta do escrito presentado por **Espina & Delfín, S.L.** de renuncia á execución da obra “Mellora de bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector en Rúa Sobreiral na Parroquia de Cea” que lle foi adxudicada, debido á existencia de erros no proxecto técnico que fan inviable a súa execución polo prezo fixado.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a renuncia á execución da obra presentada por Espina & Delfín SL
- Redactar novo proxecto para as citadas obras polo Enxeñeiro Técnico.
- Que polo Departamento de Contratación se proceda a realizar unha nova licitación.

PRP2018/1226

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de febreiro de 2018 de aprobación da memoria valorada denominada “Restauración de barandillas antigas no entorno de Vista Alegre”, redactada polo Arquitecto do ARI D. Iago Fernández Puentes, cun orzamento de execución por contrata (IVE incluído) de 13.398,16 € e solicitude de subvención á Deputación Provincial ao abeiro do Plan Concellos 2018-2019.



- 2.- Aprobar a nova memoria valorada de Substitución do subministro denominado “Restauración de barandillas antigas no entorno de Vista Alegre”, redactada polo Arquitecto D. Iago Fernández Puentes, cun importe de licitación de 13.975,67 € (IVE incluído)
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

PRP2018/1265

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a Memoria Valorada de “Obras menores de reparación no edificio de Servizos Socio-Comunitario de O Ramal”, cun importe de licitación de 58.380,66 € (IVE incluído).
2. Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o seu financiamento ao 100%, con cargo ao Plan Concellos 2018/2019, conforme ás bases publicadas no BOP nº 2, de data 3 de xaneiro de 2018.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.